

A lei reconece como **violencia de xénero** os actos de violencia física e psicolóxica, as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións e a privación arbitraria de liberdade exercida sobre unha muller pola súa parella ou exparella.

Para acceder a algúns destes recursos é preciso acreditar a situación.

Pode **certificarse** cunha sentenza condenatoria, orde de protección ou medida cautelar, informe da fiscalía, dos servizos sociais, do CIM ou dos servizos públicos de acollida para mulleres en situación de violencia de xénero.

En Ponteareas a asistencia organízase a través do **Centro de Información ás Mulleres**.

O CIM presta atención a calquera muller, independentemente da súa residencia, as e aos menores que estean baixo a súa tutela ou garda e custodia e persoas dependentes ao seu cargo.

## DEREITOS



poden estar acompañadas dalguén da súa confianza.



### Á información

Debe garantirse a información sobre os dereitos e recursos asistenciais e o asesoramento adecuado, facilitando tradución e recursos adaptados a cada situación.



### Á asistencia social integral

O acceso aos servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral activarase de forma inmediata.



### Á asistencia xurídica gratuíta, especializada e de forma inmediata

Todas as mulleres poden solicitar asesoramento xurídico gratuíto desde o momento previo a denunciar. Tamén disporán de defensa e representación gratuítas —avogada/o e procurador/a— en todos os procesos e procedementos administrativos que teñan causa directa ou indirecta na violencia.


Teñen dereito a denunciar nunha sala propia e declarar protexidas para evitar o contacto co agresor.



### Mulleres migrantes

Unha migrante sen papeis en situación de VX ten dereito a unha autorización provisional para ela e menores ou persoas con discapacidade ao seu cargo, sempre que exista orde de protección ou informe da fiscalía. Se ten aberto un expediente de expulsión, este suspenderáse cautelarmente.

Se hai condena, a muller terá dereito a unha autorización de residencia e traballo por circunstancias excepcionais de cinco anos. Mais, se a sentenza non é condenatoria, ábrese expediente de expulsión.



### Menores

As criaturas expostas a situación de violencia de xénero son recoñecidas como afectas e, por tanto, teñen dereitos propios.

Asistencia social integral.

Atención psicolóxica, sempre que as persoas titulares da súa patria potestade estean informadas.

Escolarización inmediata cando se dea un cambio de residencia.

Pensión de orfandade específica, para os casos equiparables a unha orfandade absoluta que non reunan os requisitos da pensión de orfandade.

DEREITOS  
DEREITOS  
DEREITOS



### Dereitos laborais e de seguridade social

Redución ou reordenación do tempo de traballo.

Xustificación das ausencias e faltas de puntualidade avaladas polos servizos sociais ou de saúde.

Mobilidade xeográfica.

Cambio do centro de traballo.

Suspensión da relación laboral —considerando este tempo como de cotización efectiva— con reserva do posto e dereito a desemprego.

Extinción do contrato con dereito a desemprego.

*Durante a suspensión, as contingencias comúns das empresas estarán bonificadas.*

As autónomas que cesen na súa actividade suspenderáselles a obriga de cotizar durante seis meses.



### Dereitos económicos

PAGO ÚNICO (estatal). Cando teñan unha renda mensual inferior ao 75% do SMI.

PAGO PERIÓDICO (autonómico). Cando teñan unha renda igual ou inferior ao dobre do IPREM.

É necesario ter residencia efectiva en Galicia e permiso de residencia. Deberán ter cesado a relación nos últimos doce meses.

Fondo galego de garantía de indemnizacións. Nos casos nos que a sentenza estableza unha reparación económica, se o acusado non a paga, pode reclamarse a compensación á administración que se fará cargo ata un máximo de 6.000 euros.